

Administración da base de datos do aloxamento compartido

- [Bases de datos no espazo web persoal](#)
 - [Limitacións nas bases de datos do espazo web persoal](#)
 - [Acceso para administración da base de datos](#)
 - [Configurar o acceso a base de datos en aplicacións](#)

Bases de datos no espazo web persoal

No espazo web persoal por defecto NON hai bases de datos creadas para este.

Se precisa dunha base de datos debe de solicitalo a dirección de soporte do hosting web, soporte.http@uvigo.es dende a dirección de correo asociada á páxina web.

As credenciais de acceso (usuario e contrasinal, nome da base de datos) serán enviadas por soporte.http@uvigo.es á dirección de correo electrónico que indique, ou será posible consultarlas a través do portal do aloxamento web (<http://usuario.webs.uvigo.es/portal>)

Limitacións nas bases de datos do espazo web persoal

As limitacións para a creación de bases de datos son as seguintes:

- **Número de bases de datos por usuario: 1**
- Tipo de base de datos: MySQL (preferiblemente myISAM)
- Nome da base de datos: O mesmo que o usuario (📌 se o nome do usuario contén caracteres non válidos en mysql ou é demasiado longo non será o mesmo, comprobe o nome da base de datos no [portal de administración do espazo web](#).)
- Acceso á base de datos:
 - Acceso MySQL: Local dende o propio servidor (non se dá acceso remoto directo ó servidor de bases de datos por motivos de seguridade)
 - Acceso web: phpMyAdmin
 - 📌 **Acceso a través de:** <http://usuario.webs.uvigo.es/portal>
 - Deberá indicar os datos de conexión que lle proporcionaron os administradores da plataforma.

Acceso para administración da base de datos

Dende o portal de administración do espazo, pode acceder á administración da base de datos premendo no enlace que indica "phpMyAdmin":



Datos do aloxamento
Nome: Nome do Usuario
Usuario: usuario@uvigo.es
Espazo en disco:
Usado: 2.93 MB
Dispoñible: 17.07 MB
Total: 20 MB
Espazos web habilitados
webs2.uvigo.es/usuario
Base de datos
Base de datos: usuario
Servidor: localhost.uvigo.es (127.0.0.1)
Porto: 3306 TCP
Usuario: usuario
Password: sasTiriPLAS
Información técnica
Versión de PHP: 5.4.39-0+deb7u2
Versión de MySQL: 5.5.41
Ferramentas
phpMyAdmin
Estadísticas
Axuda
Directorios
Actualización de arquivos

Condicions de Uso

Características principais


1. Pode **solicitar** o espazo calquera usuario cunha conta no dominio uvigo.es (contas do tipo usuario@uvigo.es)
2. O usuario non ten por qué efectuar tarefas de mantemento fora da súa propia aplicación
3. Actualización automática do contorno (sistema operativo, intérprete de php, servidor web) e mantemento do mesmo por parte do ATIC
4. **⚠** Require a responsabilidade por parte do usuario de manter actualizado o seu espazo web
5. Non se garante o aillamento entre aplicacións aloxadas no mesmo servidor:
 1. *En principio unhas aplicacións non verán os datos das demais*, pero dado que o contorno de execución é común non se pode garantir por completo este aillamento: as versións de software (php, servidor web, base de datos) e o software en execución (intérprete de php, servidor web, servidor de bases de datos) serán os mesmos.
 2. Limitacións no software dispoñible.
 3. Prestarase o servizo cunhas *versións de software comúns a todos os espazos web* e que se publicarán e manterán actualizadas nesta páxina.
 4. **⚠** *Actualizacións automáticas do software*: Para poder garantir a seguridade das aplicacións aloxadas e, en xeral, da rede informática da Universidade de Vigo, o software do servidor (servidor web, intérpretes de páxinas web dinámicas -PHP-) será actualizado periódicamente. Avisarase ós usuarios previamente, pero non se revisarán as páxinas web destes nin se garante que estas segan a funcionar do xeito esperado posteriormente á actualización, correndo de parte do usuario a detección dos erros e a corrección dos mesmos se isto se fai necesario.
6. **Non** se darán servizos de hosting adicionais:
 1. Acceso por terminal ó servidor

Información técnica

1. Espazo web compartido nun único servidor

1. Sistema operativo e aplicacións base comúns: Linux, servidor web Apache 2, php 5.4.39-0+deb7u2, base de datos MySQL 5.5.41

Unha vez na páxina poderá ver as bases de datos asociadas a este, únicamente unha base de datos propia, normalmente co mesmo nome que o usuario:



Configurar o acceso a base de datos en aplicacións

No acceso dende php debe indicar os datos de acceso que se lle proporcionaron.

⚠ Compre utilizar como nome de servidor "localhost.uvigo.es" ou "127.0.0.1", para indicar que se conecta a un servidor local, e que non empregue o máis común "localhost". Debido ó xeito en que está configurado o acceso ó servidor de bases de datos este último mecanismo non funcionará correctamente.

```
$conn = mysql_connect ( "localhost.uvigo.es", "usuario", "password" ) ;
```